



Concello de Bueu

ACTA NÚM. 2 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE OFICIAL/A DE OBRAS (C2), INCLUÍDA NA OEP 2023

Asisten:

Presidenta: Juan Miguel Martínez Pérez

Vogais: Benjamín Penín Fandiño; David Mayán Garrido; e Sonia María Cacabelos Cobas

Secretaria: Lara Otero Díaz

En Bueu, mediante sesión telemática, sendo as 11.29 horas do día 25 de febreiro do 2026, reúnese o tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura mediante persoal funcionario de carreira dunha vacante de oficial/a de obras (C2) na quenda de promoción interna, segundo as bases aprobadas pola XGL o 30.09.2025 (CSV 459HGPJXZE5D6WC7YY74RA) e nomeado mediante a R.A 2026-0196 do 30.01.2026 (CSV 7KWRDXGL6QM6QK2LGYXQ9NQ5G), coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas.

O pasado 13.02.2026 o tribunal realizou a valoración provisional da fase de méritos outorgando un prazo de 5 días hábiles á/as persoa/s aspirantes para alegacións e reclamacións. A tal efecto na mesma data foi publicada a acta na web e sede electrónica e no precitado prazo presentou alegacións o aspirante Francisco Barreiro Barros sinalando dúas cuestións: dun lado, que se lle inclúe no proceso de capataz e el non se presenta a ese proceso; e doutro lado, que pensa que se lle podería valorar o tempo de servizo prestado a xornada parcial na Deputación de Pontevedra.

Tendo en conta o anterior o tribunal acorda **ESTIMAR PARCIALMENTE** as alegacións de Francisco Barreiro Barros, de xeito que:

- Estímase que debe ser eliminado do proceso de capataz no que, verdadeiramente segundo a listaxe definitiva de persoas admitidas non consta incluído - cómpre subliñar que foi incorporado por erro, porque participa en 4 dos 6 procesos de promoción interna e na actualización das táboas quedou a fila correspondente ao dito aspirante-;
- E desestímase que deba valorarse o tempo a xornada parcial consonte ao sinalado pola base 8 xeral, que literalmente e segundo se incluía na acta previa, refire que *"Non se computarán nin valorarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados; e non se reducirán proporcionalmente os prestados a tempo parcial"*.

En consecuencia, o tribunal eleva a definitiva a seguinte valoración de méritos:

NÚM.	APELIDOS E NOME	EXPERIENCIA PROFESIONAL (ATA 6 PUNTOS)		FORMACIÓN ESPECÍFICA (ATA 4 PUNTOS)			EXERCICIO DE DEREITOS DE CONCILIACIÓN (ATA 1,6)	PUNTUACIÓN TOTAL	OBSERVACIÓNS
		Svos en praza/posto C2 ata 4 puntos	Svos en praza/posto de AP ata 2 puntos	FP de grao superior relacionado	FP de grao medio relacionado	Cursos e accións formativas ata			

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029





Concello de Bueu

		(0,10/mes)	(0,025/mes) (Descontaranse os 2 primeiros anos esixidos para concorrer)	(1,5 puntos/ud)	(1 punto/ud)	2 puntos (0,10/cada 10 horas)	PUNTOS)		
1	BARREIRO BARROS, FRANCISCO	0,90 (9 meses de servizos no concello de Bueu como oficial albanel)	0,925 (37 meses de servizos no concello de Bueu; descontados os 2 primeiros anos esixidos para concorrer)	0	0	1,85 Sistema operativo, busca de información, internet/intranet y correo electrónico; 30 horas, AGASP Microsoft excel 2010, 50 horas, AGASP Microsoft Word 2010, 30 horas, AGASP Perfeccionamen to de lingua galega, 75 horas, Política Linguística	0	3,675	Non se valoran o resto de cursos por non estar relacionados coas funcións e/ou competencias profesionais propias da vacante convocada; e/ou por non ter sido impartidos, organizados e/ou homologados por Administracións Públicas e aqueoutros organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das mesmas, así como por Universidades Públicas Non se computan os 6 meses de servizos como AP

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029





Concello de Bueu

									na Deputación de Pontevedra por tratarse de servizos a tempo parcial, que consonte ás bases non son cuantificables proporcionalmente
2	CALVIÑO LOPEZ, MARTÍN	0	2 (máis de 6,6 anos de servizos no concello de Bueu; descontados os 2 primeiros anos esixidos para concorrer)	0	0	2 Encargado en obra de edificación, 530 horas, Xunta de Galicia	0	4	Non se valoran máis cursos porque acadada o máximo co/s valorado/s
3	RIVAS MARIÑO, JOSÉ MANUEL	0	2 (máis de 6,6 anos de servizos no concello de Bueu; descontados os 2 primeiros anos esixidos para concorrer)	0	0	2 Escola obradoiro de cantería, 1796 horas de formación teórica e 836 de formación práctica	0	4	Non se valoran máis cursos porque acadada o máximo co/s valorado/s

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029





Concello de Bueu

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

Consonte ás bases xerais o primeiro exercicio será o de lingua galega, máis de acordo coa lista definitiva de persoas admitidas ao proceso a persoa/todas as persoas aspirante/s está/n exentas da súa realización, polo que será/n convocada/s directamente ao segundo exercicio (tipo test) que as bases describen así:

"SEGUNDO EXERCICIO, consistira en contestar un cuestionario tipo test de carácter teórico-práctico relacionado co temario específico de cada unha das prazas convocadas. Non descontarán as preguntas non contestadas nin as contestadas erróneamente.

No caso de acceso a prazas clasificadas no subgrupo C1 cuestionario tipo test estará conformado por 30 preguntas e o tempo de realización do exercicio será de 90 minutos. No caso de acceso a prazas clasificadas no subgrupo C2 cuestionario tipo test estará conformado por 20 preguntas e o tempo de realización do exercicio será de 60 minutos.

O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes da realización deste. A proba cualificarase de 0 a 20 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 10 puntos para superalo.

As puntuacións/cualificacións resultantes da corrección dos diferentes exercicios da fase de oposición faranse públicas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal. Os/as aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles para formular reclamacións/alegacións ao respecto dos resultados e cualificacións obtidos, contados a partir do día seguinte á súa publicación no taboleiro de anuncios e páxina web municipais. Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios e páxina web municipais".

Por tanto, verbo do segundo exercicio da fase de oposición o tribunal acorda o seguinte:

1. Estará conformado por 20 preguntas tipo test, a realizar nun máximo de 60 minutos. Non haberá preguntas de reserva ao non permitilo as bases.
2. Cada pregunta disporá de tres alternativas, das que só unha será correcta.
3. Non descontarán as preguntas non contestadas nin as contestadas erróneamente; tal e como esixen as bases.
4. A proba cualificarase de 0 a 20 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 10 puntos para superalo. É dicir, precisará 10 respostas correctas.
5. Como o cuestionario ten que ser determinado polo tribunal inmediatamente antes da realización deste, os membros do tribunal elaborarán unha batería de preguntas de entre as que se escollerán as definitivas. Para iso fíxase o seguinte reparto de temas: para Juan Miguel o 3 e o 4; para David o 5 e o 6; para Sonia o 7 e o 8; para Benjamín o 9 e o 10; e para Lara o 1 e o 2.
6. Verbo do sinalado, nas bases específicas consta o seguinte temario:
 1. Seguridade e hixiene no traballo: A Lei de Prevención de Riscos Laborais. Actuacións das Administracións Públicas; competencias. Dereitos e obrigas dos traballadores e empresarios en materia de prevención. Participación dos traballadores. Coordinación de seguridade e saúde nas obras: recursos preventivos. Seguridade e hixiene nas instalacións públicas; actuacións e medidas mínimas e necesarias.
 2. Coñecemento do termo municipal de Bueu. Xeografía e toponimia do Concello; parroquias, lugares, rede de estradas/vías e rueiro. Rede de edificios e equipamentos públicos de titularidade e/ou uso municipal.
 3. Actuacións e brigadas/equipos de obra: Ferramenta e maquinaria de uso básico e habitual. Maquinaria/ferramenta pesada e manual. Características e usos/utilidades. Mantemento básico da maquinaria e ferramenta de uso básico e habitual.

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029





Concello de Bueu

- Elementos de construción e obra: Muros de bloque, cachotería e outros. Paredes de ladrillo e outras. Ladrillo tipo e medidas. Cubertas e revestimentos. Tella e lousa. Pavimentos e baldosas. Revestimentos de paredes e chans. Encofrados. Preparación das superficies de soporte. Pinturas. Aplicación de Pinturas ao temple e plásticas. Pinturas para exteriores.
- Materias e medios de construción e obra: Formigóns. Clases. Composición. Usos/utilidades. Preparacións. Aditivos. Morteiros. Clases. Composición. Usos/utilidades. Preparacións. Aditivos.
- Outros materiais e medios de construción e obra: Metais, madeira e outros medios/materiais auxiliares
- Redes públicas/urbanas de abastecemento e saneamento de auga. Cofecementos e actuacións básicas de mantemento. Elementos que as compoñen. Arquetas. Sumidoiros. Pozos de Rexistro. Tubaxes, diámetros e materiais máis habituais. Incidencias e problemas máis frecuentes.
- Redes e equipamentos públicos/urbanos de alumeadado público/electricidade. Cofecementos e actuacións básicas de mantemento. Elementos que as compoñen. Arquetas. Incidencias e problemas máis frecuentes.
- Pavimentación de vías e estradas. Tipoloxía. Materiais de uso básico e habitual. Mantemento e reparacións. Acerados. Subbases. Soleiras. Sinalización e validación da ocupación por obras de espazos, vías e estradas públicas. Actuacións e materiais básicos. Desvío do tráfico.
- Operacións básicas de mantemento e conservación das instalacións públicas: fontanería, albanería, carpintería, electricidade e cerraxería. Actuacións e nocións básicas. Ferramenta/útiles e materiais básicos e/ou de utilización habitual. Incidencias e problemas máis frecuentes.

Sinalado o anterior, o tribunal acorda realizar o exame o 10.03.2026 ás 11.30 horas na sala de concelleiros do concello de Bueu, no andar 3º. Para iso o tribunal reunirse ás 11.00 horas no despacho da secretaria.

A vista do que antecede, o tribunal acorda:

- Estimar parcialmente as alegacións conxuntas presentadas polo aspirante Francisco Barreiro Barros para os 4 procesos aos que se presenta, de xeito que estírmase que ten que ser eliminado do proceso de capataz e desestímase que deba puntuarse o tempo a xornada parcial.
- Publicar esta acta no taboleiro de edictos e na web municipais, tendo por realizada a valoración definitiva de méritos e dando por finalizada a fase de concurso do proceso selectivo, co seguinte resultado:

NÚM.	APELLIDOS E NOME	EXPERIENCIA PROFESIONAL (ATA 6 PUNTOS)		FORMACIÓN ESPECÍFICA (ATA 4 PUNTOS)			EXERCICIO DE DEREITOS DE CONCILIACIÓN (ATA 1,6 PUNTOS)	Puntuación TOTAL
		Svos en praza/posto C2 ata 4 puntos (0,10/mes)	Svos en praza/posto de AP ata 2 puntos (0,025/mes) (Descontaranse os 2 primeiros anos esixidos para concorrer)	FP de grao superior relacionado (1,5 puntos/ud)	FP de grao medio relacionado (1 punto/ud)	Cursos e accións formativas ata 2 puntos (0,10/cada 10 horas)		
1	BARREIRO BARROS, FRANCISCO	0,90 (9 meses de servizos no concello de Bueu como oficial albanel)	0,925 (37 meses de servizos no concello de Bueu; descontados os 2 primeiros anos esixidos para concorrer)	0	0	1,85 Sistema operativo, busca de información, internet/intranet y correo electrónico; 30 horas, AGASP Microsoft excel 2010, 50 horas, AGASP	0	3,675

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029



Concello de Bueu

						Microsoft Word 2010, 30 horas, AGASP Perfeccionamento de lingua galega, 75 horas, Política Lingüística		
2	CALVIÑO MARTÍN LOPEZ,	0	2 (máis de 6,6 anos de servizos no concello de Bueu; descontados os 2 primeiros anos esixidos para concorrer)	0	0	2 Encargado en obra de edificación, 530 horas, Xunta de Galicia	0	4
3	RIVAS MARIÑO, JOSÉ MANUEL	0	2 (máis de 6,6 anos de servizos no concello de Bueu; descontados os 2 primeiros anos esixidos para concorrer)	0	0	2 Escola obradoiro de cantería, 1796 horas de formación teórica e 836 de formación práctica	0	4

3. Iniciar a fase de oposición do proceso de selección e xa que a/s persoa/s aspirante/s está/n exenta/s do primeiro exercicio por ter acreditado posuír o Celga 3 ou equivalente; convocala/s á realización do segundo exercicio da fase de oposición (proba tipo test) o vindeiro 10.03.2026 ás 11.30 horas na sala de concelleiros da casa consistorial (andar 3º). Para o chamamento e a realización da proba deberá/n portar: o seu DNI e un bolígrafo de cor azul ou negra.

O exame constará de 20 preguntas tipo test, a realizar nun máximo de 60 minutos. Non haberá preguntas de reserva, ao non permitilo as bases. Cada pregunta disporá de tres alternativas, das que só unha será correcta. Non descontarán as preguntas non contestadas nin as contestadas erróneamente. A proba cualificarase de 0 a 20 puntos, debendo obter 10 puntos para superalo (é dicir, precisará/n 10 respostas correctas para superar a proba).

4. Convocar ao tribunal ás 11.00 horas do 10.03.2026 no despacho da secretaria xeral do concello e secretaria do tribunal, para a elaboración e impresión da proba que se realizará á persoa aspirante.

Sen máis asuntos que tratar, declárase levantado o acto, sendo as 11.32 horas e ordenándose a redacción d esta acta á secretaria, acta que é asinada dixitalmente polos membros do tribunal.

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029

